

## VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental 'eduambiengal 09'

■ Santiago de Compostela, 25, 26 e 27 de xuño de 2009 ■

O Taller de Educación Ambiental do ICE da Universidade de Santiago de Compostela comunica a celebración das VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental 'eduambiengal 09' co patrocinio da Consellería de Medio Ambiente.

Nesta edición preténdese determinar a situación dos problemas ambientais do século XXI, debater os avances realizados en Galicia e no Estado no tocante á implantación de estratexias de educación ambiental, e ofrecer un foro para o intercambio de experiencias neste eido.

As xornadas incluírán conferencias, mesas redondas e sesións de intercambio de prácticas educativas e de xestión, mediante pósters e relatorios.



## XIV Congreso Nacional de Modelos de Investigación Educativa

■ Universidade de Huelva, 24, 25 e 26 de xuño de 2009 ■

Convoca este evento a Asociación Interuniversitaria de Investigación Pedagóxica (AIDIPE). Baixo o título "Educación, investigación y desarrollo social", pretende revisar e optimizar as relacións entre praxe educativa, investigación pedagóxica e desenvolvemento social; todo coa finalidade de promover a equidade e a cohesión necesarias para convivir democraticamente como cidadáns.

Compoñen a estrutura do congreso catro relatorios plenarios, dúas mesas redondas e cinco sesións simultáneas. Estas últimas buscan dar entrada aos estudos e traballos, realizados dentro e fóra de AIDIPE, e tratan de ofrecer perspectivas e matices innovadores capaces de promover a coherencia e interrelación entre a educación, a investigación e o desenvolvemento social.



### Máis información

[www.uhu.es/congresoaidipe2009/index.phpcongresoaidipe2009@uhu.es](http://www.uhu.es/congresoaidipe2009/index.phpcongresoaidipe2009@uhu.es)

**Departamento de Educación  
Facultad de Ciencias de la Educación**

Avda. Fuerzas Armadas, s/n

21071 Huelva (España)

Teléfono: (+34) 959 21 92 43/44

### Máis información

[www.eduambiengal.com](http://www.eduambiengal.com)  
[secretaria@eduambiengal.com](mailto:secretaria@eduambiengal.com)

### Congreso Internacional de la 'web' en 2009

Palacio Municipal de Congresos de Madrid, 20, 21, 22, 23 e 24 de abril de 2009

A Universidade Politécnica de Madrid (UPM) foi seleccionada para organizar, por primeira vez en España, o XVIII Congreso Internacional World Wide Web (WWW2009) ao que, segundo as previsións, asistirán arredor de 2.000 profesionais e investigadores de todo o mundo.

Dende 1994, o IW3C2 (International World Wide Web Conferences Steering Committee) convoca este congreso co obxectivo de propiciar a difusión e o debate dos aspectos máis destacados da investigación no campo dos servizos web, a normalización tecnolóxica e o impacto destas tecnoloxías na sociedade e na cultura.



#### Máis información

[www2009.org/calls.html](http://www2009.org/calls.html)

### XVI Conferencia Internacional sobre Aprendizaxe

Universidade de Barcelona, 14, 15, 16 e 17 de xullo de 2009

A conferencia contará coa presenza de importantes pensadores e investigadores, que tratarán algúns dos temas seguintes:

- Os propósitos cambiantes da educación: novos traballadores, cidadáns e identidades.
- Os roles da aprendizaxe: equidade, xustiza e cambio social.
- Diversidade na aula: cultura, xénero e (dis) capacidade.
- Pasantías e outros modelos de educación técnica.
- Educación formal e non formal.
- Educación permanente para unha sociedade en constante cambio.
- Educación de adultos, educación terciaria, formación e capacitación profesional.
- Participación e oportunidades: as desvantaxes na educación.
- Formación e capacitación para o futuro.



#### Máis información

[www.i09.cgpublisher.com](http://www.i09.cgpublisher.com)